



Enquisa estrutural a fogares. Módulo xeral

Resumo de resultados 29/12/2023

Índice

Introdución.....	1
Composición dos fogares.....	1
Situación económica.....	8
Gasto dos fogares.....	17
Fogares con aforro en alimentos.....	19

Introdución

A **Enquisa estrutural a fogares (EEF)** é unha actividade estatística anual dirixida aos fogares galegos co obxecto de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral que se repite todos os anos, deseñado para recoller información sobre variables básicas, e un segundo de carácter específico.

Os principais obxectivos do módulo xeral da Enquisa estrutural a fogares son:

- Analizar e describir as características principais dos fogares galegos e as diferenzas existentes entre as distintas áreas territoriais galegas.
- Coñecer a contía dos ingresos dos fogares galegos e a súa tipoloxía, proporcionando información significativa sobre aqueles fogares cuns ingresos monetarios menores.
- Coñecer a contía dos gastos comúns dos fogares galegos e a súa relación con diversas variables socioeconómicas.

Composición dos fogares

Información para Galicia e provincias

O día 31 de decembro de 2022 existían en Galicia 1.075.898 fogares, dos cales o 22,30% correspondían a persoas que vivían soas. A tipoloxía máis habitual é a formada por unha parella con fillos (30,68% do total de fogares). Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía; ademais, Ourense é a provincia onde a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Tipoloxía	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Unipersoal	22,30	23,57	22,98	24,18	19,84
Sen núcleo	2,12	1,59	2,68	2,70	2,38
Parella con fillos	30,68	31,36	26,49	26,11	32,91
Parella sen fillos	24,67	24,18	25,07	28,28	23,88
Monoparental	10,20	9,58	10,15	10,04	11,05
Un núcleo e outros	6,67	6,29	8,96	6,08	6,55
Varios núcleos	3,35	3,42	3,66	2,61	3,39

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: os datos refírense a 31 de decembro

En Galicia existen 254.338 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 23,64% do total de fogares galegos. Con respecto ao ano anterior, o número de fogares deste tipo aumentou un 0,53%. Por provincias, Pontevedra é a que conta cunha menor porcentaxe de fogares deste tipo (20,85%) e no outro extremo atópase Ourense, onde o 29,58% dos fogares está formado por persoas de 65 ou máis anos.

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Ano 2022


Unidade: número de fogares, peso no total de fogares da provincia/Galicia (%)

Espazo	Número	Incidencia
Galicia	254.338	23,64
- A Coruña	106.255	23,53
- Lugo	33.905	26,04
- Ourense	37.810	29,58
- Pontevedra	76.368	20,85

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos

Unidade: peso no total de fogares da provincia/Galicia (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

En 846.112 fogares galegos, o 78,64% do total, non reside ningún menor de 16 anos. A porcentaxe máis alta de fogares sen persoas menores de 16 anos dáse na provincia de Ourense (83,49%) e a máis baixa en Pontevedra (76,70%). Por outra banda, o 93,53 % dos fogares da comunidade autónoma non conta con ningún menor de 5 anos.

Fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos. Ano 2022


Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Ningunha	Unha	Dúas ou máis
Galicia	78,64	13,23	8,13
- A Coruña	78,50	13,30	8,19
- Lugo	79,84	14,14	6,03
- Ourense	83,49	9,79	6,72
- Pontevedra	76,70	14,02	9,29

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares con algún menor de 5 anos

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

O 64,32% dos mozos e mozas galegas de entre 18 e 34 anos vive cos pais. Dos que teñen entre 25 e 34 anos e que viven cos pais, o 14,85% non ten ningún tipo de ingreso. Esta porcentaxe sobe ata o 44,47% entre os mozos e mozas de 18 a 24 anos.

Mozos e mozas que viven cos pais segundo a tipoloxía de ingresos por grupo de idade. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)


Tipoloxía	De 18 a 24 anos	De 25 a 34 anos
Total	100,00	100,00
Sen ingresos	44,47	14,85
Ingresos do traballo	35,10	73,61
Outros ingresos	20,42	11,54

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: "outros ingresos" inclúe "ingresos de prestacións", "ingresos de traballo e prestacións" e "outros ingresos"

Mozos e mozas que viven cos pais. Galicia

Unidade: porcentaxe de mozos e mozas que viven cos pais sobre o total nese grupo de idade (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Información para os sete grandes concellos galegos e por áreas

Dos sete grandes concellos de Galicia, Pontevedra é o que presenta unha maior porcentaxe de fogares formados por unha parella con fillos (un 37,77%).

Por outra banda, en Ferrol o 26,53% dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No outro extremo atópase o concello de Santiago de Compostela, onde esta porcentaxe é do 18,07%.

Situación demográfica nos grandes concellos. Ano 2022

Fogares	Concello de Ferrol	Concello da Coruña	Concello de Santiago de Compostela	Concello de Lugo	Concello de Ourense	Concello de Pontevedra	Concello de Vigo
Número de fogares	27.203	108.758	38.949	40.816	42.747	31.839	116.769
Número medio de persoas no fogar	2,33	2,24	2,53	2,37	2,38	2,60	2,45
Porcentaxe de fogares segundo a tipoloxía							
- Unipersoal	26,86	29,81	22,44	22,96	21,82	20,97	21,38
- Parella con fillos	31,02	25,75	34,72	30,99	29,02	37,77	32,52
- Parella sen fillos	26,33	25,20	22,48	26,76	27,37	21,77	25,66
- Monoparental	8,35	11,91	9,99	8,92	12,86	9,48	10,69
- Outro tipo	7,45	7,34	10,37	10,37	8,94	10,00	9,75
Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos	26,53	24,59	18,07	23,52	25,49	18,44	21,44

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))


Nota: a categoría "outro tipo" inclúe: "sen núcleo", "un núcleo e outros" e "varios núcleos"

Por áreas xeográficas, na área de O Carballiño-O Ribeiro o 34,71% dos fogares está composto por persoas de 65 ou máis anos. No extremo oposto sitúase a área de Caldas-O Salnés cun 17,47% de fogares desta tipoloxía.

A área de Vigo é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con polo menos algún menor de 16 anos (24,22%).

Fogares con algún menor de 16 anos. Áreas. Ano 2022


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Áreas. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Situación económica

Información para Galicia e provincias

No ano 2022 o ingreso medio mensual dos fogares galegos situouse en 2.548 euros por fogar; aumenta un 5,46% respecto ao ano anterior. Nas catro provincias galegas rexístrase un incremento do ingreso medio mensual por fogar entre os anos 2021 e 2022, sendo a de Lugo a que rexistra o maior incremento (6,92%).

A metade dos fogares galegos ingresa menos de 2.300 euros ao mes. Con respecto ao ano 2021, a mediana de ingresos rexistrou un aumento do 6,28%.

Media e mediana de ingresos mensuais

Unidade: euros, tanto por cento (%)

Espazo	Ingreso medio mensual por fogar			Mediana de ingresos mensuais por fogar		
	2021	2022	Taxa de variación	2021	2022	Taxa de variación
Galicia	2.416	2.548	5,46	2.164	2.300	6,28
- A Coruña	2.507	2.631	4,95	2.234	2.368	6,00
- Lugo	2.398	2.564	6,92	2.116	2.289	8,18
- Ourense	2.191	2.249	2,65	1.960	2.088	6,53
- Pontevedra	2.388	2.545	6,57	2.177	2.316	6,38

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

O 51,20% dos ingresos dos fogares galegos procede do traballo por conta allea, o 10,65% do traballo por conta propia, o 35,45% de prestacións e o 2,70% restante de rendas e outros ingresos. A Coruña e Pontevedra son as provincias con maiores porcentaxes de ingresos procedentes do traballo (62,99% e 63,92% respectivamente), mentres que Lugo e Ourense son as que contan con maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións (37,69% e 43,04%).

Estrutura de ingresos dos fogares. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)


Tipo	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Traballo conta allea	51,20	52,71	44,44	45,41	53,49
Traballo conta propia	10,65	10,28	13,74	9,29	10,43
Prestacións	35,45	34,00	37,69	43,04	34,17
Rendas e outros ingresos	2,70	3,01	4,13	2,26	1,91

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

A estrutura de ingresos dos fogares galegos no ano 2022 é similar á do ano anterior. Con respecto ao ano 2021 produciuse unha diminución da porcentaxe de ingresos procedentes de prestacións (0,48 puntos). A porcentaxe de ingresos procedentes do traballo aumentou, pola contra, 0,3 puntos (de 61,55% a 61,85% entre 2021 e 2022).

Estrutura de ingresos dos fogares. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

No 28,63% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestacións. Na provincia de Ourense esta porcentaxe acada o 38,18%. Ademais, para o 41,26% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

Fogares nos que os ingresos por prestacións representan máis do 50%, 75% ou o 100% do total dos seus ingresos. Ano 2022


Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Máis dun 50%	Máis dun 75%	O 100%
Galicia	41,26	32,26	28,63
- A Coruña	40,37	31,18	27,57
- Lugo	43,31	34,21	28,98
- Ourense	49,84	41,54	38,18
- Pontevedra	38,62	29,67	26,46

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares nos que os ingresos por prestacións representan o 100% do total dos seus ingresos

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

No ano 2022 a taxa de risco de pobreza de Galicia diminuíu 0,58 puntos ata situarse no 14,54%. Esta taxa calcúlase como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Ao tomar ingresos equivalentes¹ corríxese o efecto que produce o número de persoas do fogar no volume de ingresos. Para calcular as unidades de consumo asígnase un 1 ao primeiro adulto do fogar, 0,5 ao resto de adultos (persoas de 14 ou máis anos dese fogar) e 0,3 a cada neno ou nena do fogar (menores de 14 anos).

O limiar depende, polo tanto, do número de persoas que compoñen o fogar, así como da idade desas persoas. Para un fogar unipersoal o limiar en 2022 é de 840 euros/mes, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 1.260 euros mes (1,5*840).

Por provincias, a taxa máis alta corresponde a Ourense (18,62%) e a máis baixa a Lugo (11,6%). Con respecto ao ano 2021, a taxa de risco de pobreza aumenta nas provincias da Coruña e Ourense (nesta última, en 1,88 puntos) e diminúe en Pontevedra e en Lugo.

Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar. Galicia. Ano 2022

Unidade: euros por fogar


Composición	2022
Fogar composto por unha persoa	840
Fogar composto por dous adultos	1.260
Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos	1.764

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

¹ Os ingresos equivalentes obtéñense dividindo os ingresos totais do fogar entre as unidades de consumo do fogar.

Taxa de risco de pobreza


Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Evolución da taxa de risco de pobreza por sexo. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é a que se atopa nalguna das seguintes situacións:

- En risco de pobreza
- En [carencia material e social severa](#)
- Persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares con [baixa intensidade laboral](#)

En 2022 o 18,62% da poboación residente en Galicia está en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón unha diminución de 0,6 puntos respecto ao ano anterior. Por idades, este indicador aumentou no grupo de menores de 16 anos e diminuíu nos catro grupos restantes que se presentan na táboa seguinte: no de 16 a 24 anos, no de 25 a 49 anos, no de 50 a 64 anos e no de 65 ou máis anos.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030). Galicia

Unidade: porcentaxe (%)


Idade	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Total	24,27	21,41	21,56	19,47	19,38	19,90	19,22	18,62
Menos de 16 anos	25,80	22,86	25,05	20,52	21,44	24,58	23,27	23,92
De 16 a 24 anos	30,86	27,34	27,93	25,23	24,70	26,23	25,01	23,95
De 25 a 49 anos	24,34	21,05	21,27	19,19	18,00	20,94	18,42	18,20
De 50 a 64 anos	31,05	27,82	27,25	24,08	24,69	22,98	23,43	21,66
De 65 ou máis anos	15,46	13,78	13,29	13,61	13,91	11,71	12,88	12,38

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

En 2022 a porcentaxe de fogares galegos que chegan con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 0,26 puntos, ata o 56,77%. A porcentaxe dos que chegan con dificultade diminúe 0,08 puntos e a dos que chegan con moita dificultade aumenta 0,34 puntos, ata situarse no 8,34%.

Fogares segundo o grado de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Información para os sete grandes concellos galegos e por áreas

Para os sete grandes concellos, Santiago de Compostela e A Coruña, con 2.941 e 2.720 euros, son os que presentan o maior ingreso medio mensual por fogar, mentres que o máis baixo corresponde a Ourense (2.416 euros).

Por outra banda, o 73,64% dos ingresos dos fogares residentes no concello de Santiago proceden do traballo. No concello de Ferrol esta porcentaxe sitúase no 50,9%. Neste concello, o 46,53% dos ingresos dos fogares proceden de prestacións.


Ingresos dos fogares. Grandes concellos. Ano 2022

Variable	Concello de Ferrol	Concello da Coruña	Concello de Santiago de Compostela	Concello de Lugo	Concello de Ourense	Concello de Pontevedra	Concello de Vigo
Ingreso medio mensual por fogar (euros)	2.300	2.720	2.941	2.568	2.416	2.706	2.681
Porcentaxe de fogares segundo o intervalo de ingresos mensuais	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
- Ata 1.000,00 euros	17,95	11,87	9,88	12,30	15,45	12,23	10,39
- De 1.000,01 a 1.500,00 euros	14,08	16,23	13,03	16,20	14,84	10,63	11,99
- De 1.500,01 a 2.000,00 euros	12,50	14,58	10,17	9,94	13,54	14,00	15,50
- De 2.000,01 a 2.500,00 euros	14,82	12,87	13,64	16,30	17,01	13,76	12,73
- De 2.500,01 a 3.000,00 euros	16,66	11,95	10,03	12,77	9,88	10,24	14,83
- De 3.000,01 a 4.000,00 euros	13,77	12,95	19,18	16,43	16,63	19,21	17,93
- Máis de 4.000,00 euros	10,22	19,55	24,07	16,05	12,65	19,93	16,62
Estrutura de ingresos dos fogares (porcentaxes)	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
- Traballo conta allea	45,05	57,41	64,05	52,21	52,78	56,78	58,10
- Traballo conta propia	5,85	8,87	9,59	9,88	6,83	9,17	9,11
- Prestacións	46,53	29,48	23,28	34,57	37,56	31,68	30,72
- Rendas e outros ingresos	2,58	4,23	3,08	3,33	2,83	2,38	2,07
Taxa de risco de pobreza (porcentaxes)	21,89	14,54	12,15	17,10	20,47	14,32	13,92

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Ingreso medio mensual por fogar. Áreas. Ano 2022


Unidade: euros por fogar



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares con ingresos procedentes unicamente de prestacións. Áreas. Ano 2022

Unidade: porcentaxe sobre o total de fogares da área (%)



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Gasto dos fogares

Información para Galicia e provincias

O 15,71% dos fogares galegos ten gasto en hipoteca da vivenda principal, cun gasto medio de 429,34 euros ao mes. Por provincias, A Coruña é a que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca (16,66%). O maior gasto medio mensual en hipoteca da vivenda principal rexístrase na provincia de Pontevedra, con 471,30 euros mensuais.

No tocante ao aluguer, o 15,94% dos fogares ten gasto en aluguer da vivenda principal e o gasto medio mensual sitúase en 377,72 euros ao mes, unha vez tidas en conta as axudas públicas e descontados os gastos correntes que aparezan incluídos no recibo (comunidade, auga, etc.). Por provincias, A Coruña é a que presenta unha maior porcentaxe de fogares con gasto en aluguer (16,89%) e Pontevedra a que rexistra un maior gasto medio mensual neste concepto (405,42 euros/mes).

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Ano 2022

Unidade: porcentaxes (%), euros por fogar

Espazo	Hipoteca da vivenda principal		Aluguer da vivenda principal	
	Porcentaxe de fogares con gasto	Gasto medio mensual	Porcentaxe de fogares con gasto	Gasto medio mensual
Galicia	15,71	429,34	15,94	377,72
- A Coruña	16,66	413,74	16,89	380,30
- Lugo	13,99	380,22	12,02	303,32
- Ourense	11,71	397,65	15,12	341,30
- Pontevedra	16,54	471,30	16,46	405,42

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Información para os sete grandes concellos galegos

Dentro dos sete grandes concellos galegos, Pontevedra é o que conta cunha maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca da vivenda principal (20,36%). O maior gasto medio en hipoteca rexístrase en Santiago de Compostela (525,23 euros/mes).

Respecto ao aluguer da vivenda principal, a maior porcentaxe de fogares con este gasto dáse no concello da Coruña (28,77%), e o gasto medio mensual máis elevado en Vigo (444,52 euros/mes).

Gasto dos fogares en aluguer e hipoteca da vivenda principal. Grandes concellos. Ano 2022

Unidade: porcentaxes (%), euros por fogar

Concepto	Concello de Ferrol	Concello da Coruña	Concello de Santiago de Compostela	Concello de Lugo	Concello de Ourense	Concello de Pontevedra	Concello de Vigo
HIPOTECA							
- Porcentaxe de fogares que teñen gasto en hipoteca da vivenda principal (incidencia)	13,66	16,71	16,53	18,67	14,26	20,36	16,98
- Gasto medio do fogar en hipoteca da vivenda principal (euros)	406,38	435,53	525,23	428,07	417,57	439,52	476,30
ALUGUER							
- Porcentaxe de fogares que teñen gasto en aluguer da vivenda principal (incidencia)	20,95	28,77	25,66	20,77	26,46	22,56	24,83
- Gasto medio do fogar en aluguer da vivenda principal (euros)	294,29	431,98	408,45	332,85	349,19	411,83	444,52

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Fogares con aforro en alimentos

En 2022, o 35,98% dos fogares galegos manifestou ter aforro en alimentos, xa sexa porque os produciu o propio fogar ou ben porque llos regalou algún familiar ou amigo. Nos municipios de menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe sobe ata o 60,23%, mentres que nos municipios de máis de 50.000 habitantes sitúase no 20,73%.

Fogares con aforro en alimentos segundo o tamaño do municipio. Galicia

Unidade: porcentaxes (%)

Tamaño	2021	2022
Total	40,58	35,98
Menos de 10.000 habitantes	63,79	60,23
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	43,54	35,07
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	36,98	30,63
Máis de 50.000 habitantes	22,29	20,73

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares ([descarga da táboa](#))

Nota: o aforro en alimentación refírese a produtos que produciu o fogar ou ben que llos regalou algún familiar ou amigo

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EEF_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>